



Sr. D. Juan Carlos Armesto
Presidente do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra

Monforte, a 20 de decembro do 2012

Prezado Sr. Presidente:

Diríxome a vostede para expresarlle a miña perplexidade ante o feito de que a Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A., coñecida como TURGALICIA, puxera en marcha unha campaña de promoción do turismo no país, baixo o título “Vive Galicia”, na que queda excluído o xeodestino Ribeira Sacra.

A promoción, que se desenvolve en colaboración coas axencias de viaxe galegas, consiste en obsequiar ós gañadores/as con **1.878 premios repartidos entre 57 paquetes turísticos** diferentes a desfrutar entre o 15 de xaneiro e o 22 de marzo do ano 2013.

Estes paquetes repártense entre os catorce xeodestinos existentes en Galicia, mellor dito, **entre tódolos xeodestinos menos a RIBEIRA SACRA.**

O custo total desta promoción ascende a **307.000 euros**, sendo a súa distribución a seguinte: A Coruña 43 %; Pontevedra 38 %; Ourense 16,5 %; **Lugo 2,6 %.**

Diante da discriminación que representan estes datos, e do feito de que un ente oficial da Xunta de Galicia marxine desta maneira os catro xeodestinos da provincia de Lugo e ignore por completo á Ribeira Sacra, é polo que lle solicito convoque unha **reunión urxente do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra para analizar esta cuestión.**

Sen outro particular, reciba un cordial saúdo

Severino Rodríguez Díaz

Alcalde de Monforte de Lemos